

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA»
Data	15 de xuño de 2019
Hora de inicio:	As 12'00 horas
Lugar	SALON DE SESIONS
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

O Sr. Secretario da os bos días aos asistentes e explica que o motivo da convocatoria estriba en celebrar sesión constitutiva da Corporación Municipal e de elección do Sr. Alcalde / Alcaldesa do Concello de Cambados, en cumprimento do establecido na Lei Orgánica de réxime electoral xeneral e do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Sinala que o pasado 26.05.2019 celebráronse eleccións locais para a renovación das Corporacións Municipais que deron lugar aos resultados determinados na acta de proclamación de electos remitida ao Concello por parte da Xunta Electoral de Zona de Cambados.

Lembra que a todos/as os/as asistentes entregúselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Di que están presentes a totalidade dos concelleiros/as electos e, por tanto, o quórum necesario para a celebración da sesión constitutiva que enumera:

D. LUÍS ARAGUNDE ARAGUNDE

D^a M^a ISABEL FOLE TRIGO
D^a SILVIA FERNÁNDEZ PÉREZ
D^a SONIA AGRA PIÑEIRO
D. JUAN RAMIRO GÓMEZ BLANCO
D^a MARÍA DEL MAR NÚÑEZ CHAVES
D^a NEREA PINTOS CASTRO
D^a FÁTIMA ABAL ROMA
D. SAMUEL LAGO OZÓN
D^a MARIA CRUZ LEIRO PEÑA
D. DAVID MESÍAS FERNÁNDEZ
D. CONSTANTINO CORDAL RODRÍGUEZ
D. XURXO CHARLÍN TRIGO
D^a CAROLINA ARAGUNDE LAYA
D. VICTOR MANUEL CAAMAÑO RIVAS
D^a MARIEL OUBIÑA VÁZQUEZ
D. JOSÉ RAMÓN ABAL VARELA

Explica que previamente os electos/as presentaron na Secretaria Xeral as credenciais acreditativas da súa proclamación, segundo no recollido no artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, e as declaracións sobre bens patrimoniais e liquidacións tributarias, causas de incompatibilidade e sobre calquera actividade que poida proporcionarlles ingresos económicos, segundo o artigo 75.7 da Lei Reguladora das Bases de Réxime local.

Apunta a que existe acta de arqueo extraordinario redactado polo Sr. Tesoureiro co motivo da Constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da Corporación depositados na Caixa Municipal e nas Entidades Bancarias.

Dase conta, igualmente, do Inventario do Municipal de Bens e Dereitos a disposición dos Srs. Concelleiros na Secretaría, e pendente de actualización.

Di que procede, a continuación, formar a Mesa de Idade, que preside a sesión, integrada polo Concelleiro electo de máis idade de entre os asistentes, D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, e pola de menor idade tamén entre os asistentes D^a Nerea Pintos Castro, órgano que pasa a presidir a sesión.

O Sr. Caamaño Rivas di que, unha vez constituída a Mesa de Idade procede comprobar as credenciais presentadas e a acreditación da personalidade dos electos baseándose nas certificacións recibidas da Xunta Electoral de Zona.

Compróbase que constan as credenciais presentadas polos concelleiros electos así como as súas declaracións de causas de posible incompatibilidade e de bens.

Posteriormente o Sr. Secretario di que procede cumprir co requisito de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres. Concelleiros/as asistentes, segundo dispón o artigo 108 da Lei orgánica de réxime electoral xeneral baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979 do 5 de abril *"Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade*

ó Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.”.

Para o cal consta un exemplar da Constitución Española de 1978 na Mesa Presidencial da sesión.

O Sr. Presidente vai citando o nome de cada un dos concelleiros/as electos/as por orde de proclamación, que van prestando xuramento ou promesa desde os seus asentos.

O Sr. Caamaño Rivas di que cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, declárase válidamente constituída a nova Corporación, polo que os comparecentes adquiren a plena condición de concelleiros/as.

2.- ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA

O Sr Secretario lembra que a continuación procede á elección do Sr. Alcalde / Alcaldesa do Concello de Cambados, de conformidade co previsto no artigo 196 da Lei orgánica de réxime electoral xeneral que di,

“a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen seus correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivo maior numero de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.”

Explica que, de acordo co disposto no artigo 46.2 d) da Lei 7/1985 do 2 de abril o sistema de votación será a ordinaria, que se manifestará mediante signos convencionais de asentimento.

O Sr. Caamaño Rivas pregunta formula as seguintes preguntas aos concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas electorais

-D. Luís Aragunde Aragunde, presenta a súa candidatura como alcalde de Cambados?

-O Sr. Aragunde Aragunde contesta que si.

-D^a Fátima Abal Roma, presenta a súa candidatura como alcaldesa de Cambados?

-A Sra. Abal Roma contesta que si.

-D. Constantino Cordal Rodríguez, presenta a súa candidatura como alcalde de Cambados?

-O Sr. Cordal Rodríguez contesta que non.

-D. José Ramón Abal Varela, presenta a súa candidatura como alcalde de Cambados?

-O Sr. Abal Varela contesta que non.

O Sr .Caamaño Rivas di que non presenta a súa candidatura como alcalde de Cambados.

Sometido a votación o resultado é o seguinte:

D. Luís Aragunde Aragunde: sete (7) votos.

D^a Fátima Abal Roma: nove (9) votos.

Abstencións: unha (1).

O Sr. Caamaño Rivas di que, de acordo co disposto no artigo 196 b) da Lei 5/1985 do 19 de xuño e ao obter os votos que representan a maioría absoluta dos concelleiros electos proclamase Alcaldesa do Concello de Cambados a D^a Fátima Abal Roma.

A continuación, D^a Fátima Abal Roma xura o cargo de alcaldesa do Concello de Cambados de acordo coa fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, disolvéndose a Mesa de Idade e pasando a presidir a sesión e formula o seguinte discurso:

“Bos días e moitas gracias por acompañarnos hoxe neste día tan importante, neste Pleno de investidura, que representa a materialización, do que a veciñanza de Cambados decidiu co seu voto libre e democrático o pasado 26 de maio.

Co seu voto, decidiu a formación dun goberno de coalición de esquerdas.

Un goberno, progresista e plural, que busca a estabilidade co diálogo, con acordos e con consenso.

Un goberno baseado na confianza, na lealtade, na cooperación e na comunicación; co compromiso de seguir rexenerando a vida política, para mellorar a democracia e para facer unha boa xestión dos recursos de todos os cambadeses e cambadesas.

Onde o principal sexamos as persoas, e onde toda a veciñanza: homes, mulleres, infancia, mocidade e terceira idade, se vexan representados, e sexan tratados por igual, con cercanía e respecto.

Quero dar as gracias a toda a cidadanía e tamén a todas as forzas políticas que traballan cada día polo futuro e polo progreso do noso pobo, polo benestar dos veciños e veciñas e para que Cambados siga a ser un lugar único e diferente: cun carácter emprendedor e traballador, e cun presente e un futuro, cheo de proxecto nos que seguir avanzando.

As nosas paisaxes, tradicións, cultura, gastronomía, ... O noso patrimonio, o noso mar, as nosas parroquias. O sector do viño ... a hospitalidade e o talento das nosas xentes, fan que Cambados sexa un lugar especial do cal todos os cambadeses e cambadesas nos sentimos moi orgullosos.

E eu hoxe sinto un dobre orgullo: o de ser cambadesa e o de estar de alcaldesa de Cambados.

E distingo entre ser e estar, entendo o ser como algo permanente, e o estar como algo temporal. Porque serei cambadesa ata o día en que morra, pero teño moi claro o porqué e para qué estou aquí:

Estou de alcaldesa, por un mandato electoral, pola vontade da cidadanía: para servir aos meus veciños e veciñas e para traballar polo progreso e polo ben deste pobo e das nosas xentes. Un mandato decidido democráticamente nas urnas hai catro anos, e revalidado no día de hoxe.

Quero agradecer públicamente o apoio incondicional de toda a miña familia e dos meus amigos e amigas, e quero ter un recordo moi especial para todos aqueles e aquelas, que xa non están, pero que nunca xamais olvidaremos.

Para rematar, como non podía ser doutra maneira, darlles a benvida aos novos concelleiros e concelleiras, que van a formar parte desta nova corporación, e dicirlles que espero e desexo que sexa un mandato no que o interés xeral dos veciños e veciñas sexa o obxectivo principal na política municipal, para que realmente sexamos capaces de estar á altura do maravilloso pobo que temos, e o noso obxectivo común sexa sempre Cambados e a nosa veciñanza”.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas e vintedous minutos, co que se dá por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa, de todo o cal e como Secretario, dou fe.

Vº e Prace
A Alcaldesa

O Secretario

Fátima Abal Roma

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE